

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 21/10/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCÍA SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

LINO MOURIÑO SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 21/10/2024 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 14 de outubro 2024, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/3893

Dáse conta do escrito presentado por D. Joaquín Guillen Julia, en representación de MERCADONA SA solicitando a de forma excepcional a apertura dos establecementos comerciais o venres 15 de agosto de 2025, por coincidir o 16 de agosto (festivo local) en sábado, o que dará lugar a que non se permita a apertura comercial durante tres días consecutivos, polo que solicitan o cambio do día 29 xuño polo 15 de agosto de 2025 en base á Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado.

PRP2024/3903

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Isabel Galbán Ouso, solicitando mais prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Rúa Matosinhos, entre os númros 8 e 10. Dáse conta de informe da Policía Local no que indica que na actualidade existe unha praza destas características nesta rúa, fronte ao número 6, xusto antes do paso de peóns existente neste lugar. Visto o escrito realizase comprobación e existe fronte ao numero 9 desa Avda. outra praza desas características e na mesma marxe que o domicilio da solicitante, polo que consideran que non existe escasez de prazas na citada avda.

A Xunta de Goberno Local acorda crear unha nova praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida á altura do nº 8 da Avda. Matosinhos, para o que haberá que transformar dúas prazas actualmente sinalizadas en diagonal.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

PRP2024/3904

Dáse conta do escrito presentado por Dona Esperanza de la Torre Oliveira, coa data de 2 de outubro de 2024, solicitando a instalación de badens reductores de velocidade na Rúa do Adro, por tratarse

dunha via estreita e carecer de beirarrúa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar á Sra. de la Torre Oliveira que se mantén o acordo de Xunta de Goberno Local de data 23 de setembro de 2024, de contestación á súa petición realizada en data 3 de setembro de 2024 sobre o mesmo asunto, no que se lle indicaba que se incluíra a colocación dos badéns na citada Rúa no plan de reductores de velocidade.

PRP2024/3905

Dáse conta do escrito presentado por D. José Luis Varela Aboy, solicitando un aumento de prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Avda. Doutor Moreira Casal.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización de dúas prazas de estacionamento reservadas a apersoas con discapacidade á altura do nº 6 da citada Avenida, concretamente as dúas prazas seguintes ao paso de peóns ata un vao permanente existente.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización (Álvaro).

PRP2024/3908

Vista a Proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa RICARSAT SL para o subministro e instalación dunha emisora para o Servizo de Prevención, así como un ano de mantemento do Servizo de Comunicacions, por un importe total de 999,10 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3909

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa ARMERIA ACP SANTOS CAO, para o subministro dun chaleco atibalas e 5 armas H&k USP Compact 9 mm, por un importe total de 4.535,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3950

Dáse conta de proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias no que se indica que no ano 2020 se dotou ao citado Servizo dun programa de xestión integral, con capacidade para tratar e xestionar dun xeito mais axil e seguro as emerxencias, así como garantir a trazabilidade da documentación manexada nas mesas, coa finalidade de dar cumprimento á LOPD entre outras. Asemade a xestión dos recursos, tanto materiais como persoais para garantir unha resposta mais axeitada ante situacións de emerxencia, tanto ordinarias como extraordinarias. Dado que cumpriu coas expectativas e as necesidades do servizo a nivel de xestión, consideran que se debería renovar esta polo prazo de un ano.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Consultoría Informática y Tecnológica del Noroeste SL - CITECNO para a renovación do canon de uso do programa de xestión interna da plataforma operativa do Servizo Municipal de Emerxencias, por un importe de 4.207,90 € (IVE incluído), con cargo á partida 135.22706.

PRP2024/3980

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o

orçamento presentado pola Empresa Reformas Trebol SL para a limpeza e reparación dos canlóns do CEIP Anexo A Lomba, por un importe total de 3.993,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3996

Dáse conta do escrito presentado por D. Oscar Inglan Agustin, en representación de ALCAMPO SA solicitando a de forma excepcional a apertura dos establecementos comerciais o venres 15 de agosto de 2025, por coincidir o 16 de agosto (festivo local) en sábado, o que dará lugar a que non se permita a apertura comercial durante tres días consecutivos, polo que solicitan o cambio do día 29 xuño polo 15 de agosto de 2025 en base á Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado.

PRP2024/3997

Dáse conta do escrito presentado por D. José Luis Villanueva Vicente, en representación de Organización Empresarial Parquistas de Carril solicitando a cesión de 175 cadeiras e megafonía para a Asemblea Xeral de Socios que teñen previsto realizar na Nave do Peirao do Ramal, o día 25 de outubro, ás 17:30 horas, en primeira convocatoria.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a cesión do material solicitado, por ser necesario para eventos municipais.

PRP2024/3998

Dáse conta de escrito do Servizo de Xestión Económica do Departamento Territorial de Vigo, da Consellería de Política Social e Igualdade comunicando incidencias no Centro Sociocomunitario de Vilagarcía de Arousa e solicitan se leven a cabo as actuacións necesarias para o arranxo das deficiencias das instalacións.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda solicitar a colaboración económica da Consellería de Política Social e Igualdade para a reparación das deficiencias solicitadas, por estar utilizando gratuitamente as instalacións municipais.

PRP2024/4002

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orçamento presentado pola Empresa DIPETRINTA SL para reposición do proxector para o Salón García, por un importe total de 5.505,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.633.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4015

Dáse conta de escrito presentado por SICO FINCAS SL, actual administrador da CP Rodrigo de Mendoza, indicando que con motivo das obras que se están levando a cabo na explanada de Fexdega varias vivendas presentan fisuras nos teitos e solicitan información sobre a Empresa que está realizando as obras de construción dun Tanque de Tormenta no citado lugar.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o escrito presentado á Empresa que está realizando as obras PETROLAM A VEIGA SL, así como ao Organismo Augas de Galicia, por selo promotor das mesmas.

PRP2024/4019

Dáse conta de informe da Policía Local en relación á consulta relacionada coa posibilidade de implementar medidas de seguridade que minimicen os efectos relatados nos escritos presentados por veciños e usuarios da rúa Extramuros en Carril, sobre perda de prazas de estacionamento, velocidades inadecuadas e dificultado para facer traballos de carga e descarga, informase o seguinte:

Na rúa Extramuros desde que como consecuencia da instalación dos novos contenedores de lixo na marxe dereita da rúa (atendendo ó sentido de circulación da mesma), feito que vou imposto por cuestións técnicas dos vehículos que fan a recollida dos contenedores, esto supuxo o cambio de ubicación do estacionamento de vehículos á marxe contraria, é dicir á dereita. Ademais tamén dou lugar a unha leve redución no número de prazas de estacionamento, así como ó traslado da zona reservada á carga e descarga á altura do nº2 da mencionada rúa, co que as tarefas de carga e descarga resultan máis complexas ó ter que cruzar a rúa coas mercaderías nunha zona co pavimento irregular.

Por outra banda na confluencia das rúas Extramuros e Victoria, á altura das escaleiras que dan acceso á Igrexa Santiago de Carril, hai ubicado un paso de peóns que como consecuencia dos cambios descritos, resultou coa visibilidade parcialmente restrinxida, motivo polo que para minimizar os prexuízos expostos faise a proposta seguinte:

- 1 - Ubicar paso de peóns elevado á altura do nº 2 da rúa Extramuros, coincidindo co acceso ó supermercado e que facilite o cruce da calzada á altura da beirarrúa.
- 2,- Poñer reductores de velocidade á altura dos números 10 e 16 de dita rúa.
- 3 - Desprazar o paso de peóns ubicado ó remate da rúa Extramuros, enlazando a saída natural das escaleiras que dan acceso á Igrexa, en dirección á Avda. Rosalía de Castro cruzando pola rúa Victoria.
- 4,- Desprazar os 2 derradeiros contenedores próximos á escaleiras que dan acceso á Igrexa, xa que dificultan o paso do autobús escolar.
- 5,- Sinalizar limitación de velocidade, así como os resaltos ou elementos de calmado de tráfico na calzada.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á realizar as modificacións propostas no informe da Policía Local.

Acórdase así mesmo remitir o presente acordo á Valedora do Pobo, así como a Dona Ana M^a Granja Guillán (Grupo Municipal do PP) e D. Juan Manuel Fajardo Recouso (Grupo Municipal de EU), e empresa Urbaser.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2024/3912

O abeiro da Orde de 27 de maio de 2024(DOG 105 de 31/05/2024), se acorda conceder ó Concello de Vilagarcía unha subvención polo importe global de 15.000€ para a realización da actuación denominada SALVAMENTO E SOCORRISMO 2024. Esta axuda representa o 30,78% sobre o orzamento elixible do proxecto.

O abeiro desta poderán financiarse os gastos que incurra ou tivese incorrido o concello para a contratación de socorristas nos meses de xullo, agosto e setembro de 2024.

Para percibir o importe da subvención deberá presentarse acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local dos gastos totais soportados polo concello imputables ao proxecto subencionado.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida para a actuación denominada SALVAMENTO E SOCORRISMO 2024, facendo constar:

- Que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- Os gastos totais e a relación nominal de persoas traballadoras ás que corresponden os gastos incorporados, soportados este concello imputables á actuación subvencionada, que ascenden a un total de 48.293,92 €
- Que a intervención municipal tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado
- Que na selección e contratación do persoal seguirónse os procedementos establecidos na normativa de aplicación á selección de persoal ao servizo das administracións públicas, con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade, e consta no expediente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases reguladoras.

PRP2024/3994

Dende a Concellería de Promoción Económica, estase a deseñar a instalación dos tradicionais xardíns efémeros, coa que se pretende que todo o litoral dende Vilaxoán ata Carril, presente unha imaxe de Nadal atractiva, continua e integral, destinada á acollida de visitantes e fomento do consumo na cidade.

Desde estas datas ata o Nadal, épocas propicias para os desprazamentos e o consumo, en que todas as cidades están a facer un esforzo para desenvolver iniciativas que atraian aos visitantes, esta actuación, será complementaria do resto das accións que dende os diferentes departamentos do Concello se están a programar para que Vilagarcía sexa polo de atracción de visitantes chegados de a contorna do Salnés, Barbanza e, en definitiva de toda Galicia e mesmo do resto do país, tendo en conta a vantaxe que implican as novas conexións ferroviarias.

A actuación a realizar consistirá na colocación nas rúas e ao longo do paseo marítimo (Carril-Vilaxoán) de árbores de madeira iluminados e xardíns efémeros con base de céspede e area sobre os que se colocarán elementos decorativos de materiais sostibles e naturais.

Os elementos decorativos serán realizados e instalados por persoal propio de Concello (departamentos de obras, parques e xardíns, electricidade etc.) para o que precisarán adquirir os materiais obxecto de esta proposta.

O obxecto do presente contrato, por tanto, é o subministro e adquisición dos diferentes elementos necesarios para a elaboración das composicións.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica e Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a instalación de xardíns efémeros nas zonas comerciais, paseo marítimo e franxa litoral para o impulso da actividade comercial e hostalería e atracción de visitantes, por un importe total de 14.487,26 €, con cargo á partida 4311.22610, coa seguinte desagregación:

| PROVEDOR | CIF | CONCEPTO | TOTAL (IVE INCL) |
|---|------------|--|------------------------------|
| DIPETRINTA S.L | B-94141025 | Subministro de elementos para iluminación xardíns efémeros | 3.587,65€ (IVE INCLUIDO) |
| VIVEIROS O PIÑEIRO SL O PIÑEIRO GARDEN & HOME SL | B36213460 | Subministro de elementos decorativos e naturais para montaxe dos xardíns e | 4.888,70€ (IVE INCLUIDO) |
| MADERAS REDONDO S.L | B36158897 | Subministro madeira e tornillería para montaxe de elementos decorativos xardíns efémeros | 1.394,31 € (IVE INCLUIDO) |
| ARIDOS DEL UMIA SAU | A36002558 | formigón para a base dos árbores de Nadal | 228,96 € (IVE INCLUIDO) |
| CASTROMAN S.L. | B36406650 | Espuma proxectable | 186,55 € (IVE INCLUIDO) |
| RAMON MANEIRO CADILLO COMERCIAL MANEIRO | 35437362C | Formigón | 421,15 € (IVE INCLUIDO) |
| TRITURADOS DO SAIAR S.L | B36435170 | Area | 2.473,24 € (IVE INCLUIDO) |

| | | | |
|--|-----------|--------------|---------------------------|
| ENRIQUE MANUEL RODRÍGUEZ BARREIRO S.L | B36220952 | Redondo liso | 96,70 € (IVE INCLUIDO) |
| OUTRO MATERIAL FUNXIBLE | | | 1.210 € (IVE INCLUIDO) |

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/3954

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio:

Que este curso 2024-2025 o Conservatorio Profesional de Música cumpre 20 anos de funcionamento e, ao longo de todo o curso, está previsto desenvolver diversas actividades dirixidas a conmemorar este aniversario.

Este ano, coincidindo que o venres 22 de novembro é a festividade de Santa Icíá, desexamos realizar un concerto especial para conmemorar este vixésimo aniversario e para elo temos contactado coa empresa Etiqueta Negra Producciones S.L. con CIF B27495431, co obxectivo de que nos facilitasen orzamento para a celebración dun concerto co multiinstrumentista e construtor Abraham Cupeiro.

CARACTERÍSTICAS:

O espectáculo que desexamos contratar co artista Abraham Cupeiro é “Resoando no pasado” que nun concerto – monólogo viaxa ao pasado máis remoto da nosa especie a través dos sons dos instrumentos de vento que ten recuperado e forman parte da súa colección, que consta de máis de 200 instrumentos. Con eles interpreta música da súa época ata a de hoxe en día. Pedagóxico, ameno e cheo de emocións, este concerto para todos os públicos consideramos que reúne as características ideais para conmemorar o aniversario, xa que Abraham Cupeiro é un recoñecido artista galego, profesor de Conservatorio e que ten ofrecido máis de 250 concertos nos últimos anos. Achégase a este informe coma documento adxunto o Dossier do espectáculo remitido pola empresa. Postos en contacto co Gabinete de Comunicación do Concello, comentáronnos que poderían realizar a publicidade do evento (carteis, programas, invitacións para remitir online e entradas) O concerto terá lugar no Auditorio Municipal cunha capacidade de 754 localidades e con entrada de balde, o venres 22 de novembro ás 20:00 horas.

Do aforo total da Sala Principal do Auditorio o Conservatorio retirará unha serie de invitacións de protocolo destinadas a convidar á Corporación Municipal, profesorado, alumnado e familias e outros convidados tanto persoal doutros departamentos do Concello coma de empresas e organizacións coas que colaboramos habitualmente e están vinculados á nosa actividade cotiá.

Posteriormente as invitacións sobrantes poranse a disposición do público xeral que as poderán recoller nas oficinas do Conservatorio, cun máximo de 4 por persoa a partir do 18 de novembro (data estimada). As invitacións sobrantes estarán a disposición do público na billeteira do Auditorio o día do concerto a partir das 18:00 horas.

ORZAMENTO ESTIMADO do contrato:

O orzamento ascende a 3.000,00 € + 21% do IVE (630,0 €), o que fai un total de 3.630,00 € con cargo ao orzamento do CMUS para o ano 2024

DURACIÓN OU PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO: O concerto-monólogo terá lugar o día 22 de novembro de 2024 ás 20:00 horas no Auditorio Municipal.

Por todo o anteriormente exposto

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a contratación da empresa Etiqueta Negra Producións S.L. con CIF B27495431, para a realización do concerto – monólogo “Resoando no pasado” ofrecido polo artista Abraham Cupeiro e que terá lugar o venres 22 de novembro ás 20:00 horas no Auditorio Municipal para conmemorar o vixésimo aniversario do Conservatorio Profesional de Música, cun orzamento total de 3.630,00 € (3000,00 € + 360,00 € do 21 % do IVE) con cargo á partida 3261-22609.

Segundo.- Autorizar ao Gabinete de Comunicación do Concello para a realización da campaña publicitaria do evento (carteis, programas, invitacións para remitir online e entradas).

PRP2024/3958

Dáse conta da seguinte proposta da Directora do Conservatorio:

Que está previsto que o vindeiro venres 22 de novembro o Conservatorio organice un concerto co multiinstrumentista Abraham Cupeiro no Auditorio Municipal ás 20:00 horas, ao que convidaremos a Corporación Municipal, profesorado e aquelas persoas que colaboran con nos a cotío de diferentes departamentos, empresas ou organizacións.

Desexamos que, logo do concerto podamos xuntarnos todos para celebrar este aniversario cun sinxelo servizo de cocktail que está previsto teña lugar no segundo andar do Auditorio Municipal.

Temos contactado coa empresa que habitualmente realiza este servizo no Auditorio Municipal, Goahead Restauración 2020 S.L., con CIF B94198934 co obxectivo de que nos facilitase un orzamento para a realización deste servizo.

O orzamento comunicado pola empresa ascende a 25,00 € por persoa, IVE xa engadido. O servizo realizarase o día 22 de novembro de 2024, no segundo andar do Auditorio Municipal cunha duración máxima de dúas horas.

Estimamos o número de asistentes en 60 persoas, o que faría un total de 1.500,00 € (25,00 € x 60)
Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a contratación do servizo de cocktail para a celebración do vixésimo aniversario do Conservatorio Profesional de Música deste Concello que terá lugar o vindeiro venres 22 de novembro de 2024 logo do Concerto que ofrecerá o artista Abraham Cupeiro no Auditorio Municipal. O orzamento comunicado pola empresa Goahead Restauración 2020 S.L., ascende a 25,00 € por persoa, calculándose un gasto total de 1.500,00 € IVE xa engadido, con cargo á partida 3261-22699.

MERCADOS

PRP2024/4000

Visto o escrito de Dona María Angles Blanco García, solicitando autorización para instalar un posto de venda de rosquillas e churros, os días 29 e 30 e 31 de outubro de 2024, no exterior do cemiterio de Santa Plácida de Rubiáns.

Visto o informe do Xefe de Mercados, acordase conceder autorización con carácter de precario, debendo manter limpo o entorno do espazo que ocupe, estar en posesión da documentación para o exercicio da venda ambulante, sí como seguro de responsabilidade civil e pago das taxas correspondentes.

PRP2024/4010

Dáse conta de escrito presentado por Don Enrique Seoane Ferreiro solicitando se lle conceda, en réxime de aluguer, o posto nº3B, zona F mesado da praza de Abastos de Vilagarcía, para exercer a actividade de Exposición e venda de venda de pan.

Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 20, punto 3 do Regulamento das Prazas de Abastos ", a Xunta de Goberno Local acorda conceder en réxime de aluguer, con

carácter provisional, o posto 3B zona F, interior mesado, da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa a Don Enrique Seoane Ferreiro, debendo estar en posesión de toda a documentación que lle acredite para exercer a venda na Praza de Abastos desta actividade.

Faise constar que a presente autorización provisional se concede polo prazo de dous anos prorrogables, previa solicitude, por outros dous anos.

PRP2024/4011

Visto o escrito de Dona M^a Isabel Gómez Vicente, solicitando autorización para instalar un posto de venda de churros e lambetadas, o día 1 de novembro de 2024, no exterior do Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Xefe de Mercados, acordase conceder autorización con carácter de precario, debendo manter limpo o entorno do espazo que ocupe, estar en posesión da documentación para o exercicio da venda ambulante, sí como seguro de responsabilidade civil e pago das taxas correspondentes.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2024/3977

O Concello de Vilagarcía de Arousa, a través da Concellería de Xuventude organiza un Campamento Urbano de Nadal co obxectivo de proporcionar unha alternativa de conciliación da vida familiar e laboral así coma una opción de ocio saludable mediante a realización dunha ampla variedade de actividades que contribuen ao reforzo dos contidos educativos dun xeito lúdico, aproveitando todo o potencial que nos ofrece o período vacacional de Nadal, o tempo de ocio, e a través dun proxecto educativo inmersivo en consonancia cos postulados da educación non formal.

Os obxectivos do servizo son:

Desenvolver actividades socioeducativas e de lecer de apoio á infancia aproveitando o período vacacional de nadal

Previr situacións de vulnerabilidade e exclusión social nos/as menores

Contribuir á mellora das condicións de vida e sociais dos/as menores do noso contorno

Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias

Facilitar o disfrute e a calidade do tempo de lecer dos/as menores

Favorecer o desenvolvemento integral do neno/a: desenvolvemento motor, intelectual e socioafectivo

Favorecer a autonomía e a liberdade do neno/a, potenciando a súa creatividade e imaxinación

Favorecer o proceso de socialización dos/as rapaces/zas

Destinatarios/as e requisitos de acceso:

O servizo está dirixido a 30 nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2020, empadroados/as no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Das 30 prazas, 6 serán de adjudicación directa por derivación dos Servizos Sociais do Concello.

Desenvolverase os días 23 de decembro de 2024 ao 3 de xaneiro de 2025 (excepto fins de semana e festivos) no CEIP AREALONGA

O horario establecido será de 9.00 h. a 14.00 h. establecendo un tempo de merenda a media mañá.

O horario de entrada será de 9.00 h a 9.30 h e o horario de saída será de 13.30 h á 14.00 h.

Carecendo o Concello de recursos materiais e humanos para levar a cabo o desenvolvemento desta actividade, acordouse solicitar orzamento a varias empresas especializadas.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar as bases públicas que rexerán o proceso de inscrición e confirmación de prazas no servizo de Campamento Urbano de Nadal promovido pola Concellería de Xuventude
2. Aprobar o orzamento presentado pola Empresa Clece SA para limpeza e material de limpeza, por un importe total de 726,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2314.22610.
3. Na Xunta de Goberno Local de 5 de febreiro de 2024 acordouse a prórroga do contrato de adjudicación a Serviplustotal S.L. para o campamento urbano para o verán 2024 e Nadal 2024/2025. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2024/3942

O 7 de xuño de 2024 comunicouse a este Concello resolución de concesión, da directora xeral de Administración Local, por delegación do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, de subvención do Fondo de Compensación Ambiental na súa natureza NON COMPETITIVA por importe total de 10.924,57 euros para o proxecto denominado “Mellora do pozo de bombeo sito na rúa da Granxa en Bamio”.

Que aos efectos da xustificación da subvención do Fondo de compensación Ambiental do 2024 e de acordo co establecido no artigo 31 da Orde do 24 de xaneiro de 2024 pola que se regula a convocatoria desta subvención deberá aprobarse a conta xustificativa da subvención polo órgano competente.

Polo que se informa que a axuda outorgada por un importe de 10 924,57 € se destinou integramente á finalidade para a que foi concedida.

Visto o anterior a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobación da conta xustificativa da subvención na que se faga constar de forma detallada que: Que se cumpriu da finalidade da subvención.

E os gastos imputables á actuación subvencionada son os que se relacionan a continuación:

| Acredor | Concepto | Nº factura | Importe | Data de emisión | Data de recoñecemento da obriga |
|---|---|------------|-------------|-----------------|---------------------------------|
| TRANSPORTE Y CONSTRUCCIONES DIEGUEZ S L | REFORMA DO POZO DE BOMBEO RÚA DA GRANXA BAMIO | C001/24 | 17.787,00 € | 04/10/2024 | 21/10/2024 |

PRP2024/3987

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Baygar, S.L. para o suministro de vinte mesas recicladas de picnic para colocar en distintos parques e espazos do término municipal (Guillán, Carril, A Gaviota, Piñeirriño), por un importe total de 9.004,82 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.215, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/3995

Dáse conta da seguinte proposta da Concellería de Medio Ambiente:

O capítulo VI do título II da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e o benestar dos

animais establece o marco legal para a xestión de poboacións felinas en liberdade, colonias con orixe en gatos abandonados e/ou extraviados sen esterilizar e das camadas procedentes destes, que son produto da tenencia irresponsable. Esta norma introduce o concepto de gato comunitario, o gato libre que convive en medios humanos e que non é adoptable debido a súa falta de socialización, e establece unha xestión integral destes con métodos non letais, baseados no método CER (captura, esterilización, marcaxe e retorno), co obxectivo de reducir progresivamente a súa poboación mentres se controla a chegada de novos individuos coa esterilización obrigatoria dos gatos con fogar.

O artigo 39 da mencionada Lei 7/2023 establece que corresponde ás entidades locais a xestión dos gatos comunitarios, para cuxos efectos deberán desenvolver Programas de xestión de colonias felinas.

En definitiva unha das novidades desta lei é a obrigatoriedade para as entidades locais da implantación dalgún método que leve aparellado o control poboacional dos gatos comunitarios. Para acadar este obxectivo e de acordo coa literalidade da lei o Concello deberá elaborar e implantar un programa de xestión de colonias felinas.

Para poder cumprir o mandato desta norma considérase necesario a contratación de persoal especializado co obxecto de elaborar o mencionado programa de xestión das colonias felinas.

O obxecto do contrato é a redacción dun programa que estableza as pautas para acadar un control poboacional ético das colonias felinas.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda:

A contratación da empresa INOVALABS DIGITAL S.L. con CIF B36927515 para o deseño e redacción dun programa de xestión de colonias felinas por un importe de 5.626,50 (ive engadido), con cargo á partida 1720-22799.

O prazo de execución do contrato será de 6/7 semanas dende a notificación da adxudicación do contrato.

PRP2024/4003

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Bricantel España, S.L. para a o subministro de dúas canastras de baloncesto e dúas bancadas así como unha pequena limpeza e pintado de liñas para a pista deportivo de O Piñeiriño, por un importe total de 10.955,34 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22615, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4004

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Bricantel España, S.L. para a o subministro de dous resortes e un escorregadoiro, e reparación do chan de caucho na zona de substitución dos citados elementos, no parque de Doña Concha en Vilaxoán, por un importe total de 6.993,77 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22615, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal

TURISMO

PRP2024/3976

Dáse conta da sinatura, polas dúas partes, do convenio coa Deputación de Pontevedra ao Concello de Vilagarcía de Arousa, para o financiamento das Festas de San Roque 2024.

O obxecto do documento é a celebración de:

Nome do espectáculo: ANNI B. SWEET

Empresa: NEW LIVE PROMOCIONES CULTURALES S.L., CIF B94136066

Hora de inicio: 23 H.

Prezo de entrada: GRATUÍTO

Duración: 75 MINUTOS

IMPORTE: 17.545,00 € (IVE engadido)

O Concello comprométese a difundir a colaboración outorgada pola Deputación de Pontevedra.

Para elo, inclúe o logotipo da Deputación de Pontevedra no material gráfico publicitario utilizado.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2024/3986

Dáse conta da seguinte proposta da Concellería de Turismo:

ADEAC, que é tamén a asociación que outorga as bandeiras azuis para as praias, procedeu ao lanzamento do programa SENDEIROS AZUIS.

A participación no programa está aberta a tódolos municipios e entidades interesadas, con independencia de contar con praia ou porto Bandeira Azul.

O pasado ano, o Concello obtivo o galardón para a Senda Litoral de Vilagarcía, de Vilaxoán a Carril e para a Vía Verde do Salnés.

Propónse o seguinte:

1) A renovación da Bandeira para a Senda Litoral de Vilagarcía, de Vilaxoán a Carril e para a Vía Verde do Salnés.

2) A homologación para o Sendeiro de Punta Bandeira-Bamio, que ten o seu inicio no extremo noreste da Praia de Bamio, a percorre, pasa polo cruceiro de Punta Bandeira, que é un dos que forman o Vía Crucis da Ruta Xacobeá do Mar de Arousa, e continúa pola veira ata que a vía do tren se achega tanto ao mar que xa impide continuar o camiño. A lonxitude é de aproximadamente 820 m. Unha vez concedido o recoñecemento, será preciso a colocación dun cartel indicativo dese galardón.

A renovación de cada sendeiro xera unha cota anual de 250 € e no caso da presentación dunha nova homologación, 450 €. Esas cotas serán con cargo ao exercicio 2025 xa que será nesa anualidade cando ADEAC resolva as solicitudes que lle foran presentadas no 2024. A eses gastos se lle aplica o 21% de IVE.

Respecto da cota de 250 € que corresponde á Vía Verde do Salnés, que discorre polos concellos de Vilagarcía, Caldas e Portas, ADEAC emitirá a factura a este Concello, que a validará, xa que figura como ente promotor diante desa institución, e logo repercutirá a Caldas e a Portas na mesma proporción en que asumen os gastos de mantemento da vía:

Vilagarcía de Arousa, 53,858 %

Caldas de Reis, 34,366 %

Portas, 11,776 %

A Xunta de Goberno Local acorda:

1) A renovación da Bandeira para a Senda Litoral de Vilagarcía, de Vilaxoán a Carril e para a Vía Verde do Salnés, cun custo de 500 € (sen IVE)

2) A homologación para o Sendeiro de Punta Bandeira-Bamio, cun custo de 450 € (sen IVE)

3) A aprobación do gasto total de 1.149,50 € (IVE incluído).

PRP2024/3999

Dentro do proxecto O TEU MAR NO TEU PRATO, que a Concellería de Turismo está a desenvolver co financiamento do GALP, vaise realizar na Praza de Abastos de Vilaxoán un showcooking no que se traballará sobre 3 produtos do noso mar: a sardiña, o mexillón e a veira.

Estaba previsto que ao obras que se están a realizar na praza xa estiveran rematadas para esa data e as praceiras xa alí instaladas, pero houbo retrasos. Entón faise preciso realizar unha limpeza para poder celebrar ese showcooking nas debidas condicións.

Solicitouse presuposto á empresa Clece, S.A., que presenta o que se achega e que ascende a 716,66 € (IVE engadido). Este gasto, por non estar previsto no proxecto, non pode ser incluído na xustificación da subvención do GALP.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Clece, S.A. para limpeza extraordinaria da praza de abastos de Vilaxoán, por un importe total de 716,66 € (IVE incluído), con cargo á partida 432-22700, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2024/3978

Da?e conta de reclamación formulada o día 08/08/2024, por Generali Seguros, co CIF nº A28007268, e/r. da asegurada Dna. M^a Jesús Pérez Álvarez, na que reclama os danos sufridos o día 04/04/2024, na súa vivenda asegurada na Avda. Rosalía de Castro, nº 195, danos causados debido á rotura dunha tubería municipal.

Dáse conta de informe do Delineante municipal, no que se indica:

Informe sobre a deficiencia alegada: Consultados os diferentes departamentos, a responsable dos feitos é a empresa ESPINA & DELFIN, S.L., que é a concesionaria municipal e indica que foi reparado o día 04/04/2024.

Dáse conta de informe da Empresa ESPINA & DELFIN SL no que indican que en data 04/04/2024, prodúcese avaría na rede de abastecemento de auga de Vilagarcía, na rúa Rosalía de Castro a altura do número 193. Por parte da empresa do Servizo de Augas, envíase inmediatamente a empresa de limpeza para que atenda o inmovible do N^o 195, o cal se ve afectado, baleire a capa superficial de auga que entrou no inmovible e limpe o mesmo. A auga procediu danos nas patas dunha mesa e dun sofá, e tendo en conta a antiguidade dos mesmos fan a seguinte valoración de indemnización dende Espina & Delfín SL:

| MOBLE | VIDA UTIL | VALOR ORIXINAL | %DEPRECIACIÓN | TOTAL |
|-------|-----------|----------------|---------------|-------|
| MESA | 12 | 159 € | 66,6 | 53 € |
| SOFA | 15 | 900 € | 85,0 | 135 € |
| TOTAL | | | | 188 € |

Vistos os diversos informes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar a devandita reclamación, entendendo que a avaría na rede de abastecemento de auga en Vilagarcía de Arousa é responsabilidade da empresa concesionaria encargada do Servizo Municipal de Augas ESPINA & DELFIN, S.L., a cal fixo fronte a reparación no mesmo día que se sucede. Polo que procede comunicarlle ao reclamante que dirixa a súa reclamación de indemnización de danos contra a empresa ESPINA & DELFIN, S.L.

CULTURA

PRP2024/3910

A Fundación Manuel María de Estudos Galegos (NIF G70109376) é unha organización sen ánimo de lucro que ten como obxecto xeral a conservación e difusión da obra de Manuel María e a promoción da cultura galega en xeral. A figura de Manuel María foi fundamental para a restauración da lingua e literatura galegas nos anos da posguerra. O seu corpus literario comprende máis de cen obras de poesía, narrativa e teatro.

